

PARA IMPULSAR A GALIZA DOS NOVOS TEMPOS, O BNG CELEBROU A SÚA XI ASAMBLEA NACIONAL

Os días 22 e 23 do pasado mes de novembro o Bloque Nacionalista Galego celebrou en Santiago de Compostela a súa XI Asemblea Nacional. A Asemblea Nacional é o máximo órgano de decisión do BNG e nel teñen dereito a participar todos os seus afiliados e afiliadas, que son os que deciden sobre os criterios que van guiar o traballo político ata a seguinte Asemblea Nacional e elixen a súa dirección.

Esta Asemblea Nacional tivo unha importancia fundamental dado que abriu un novo ciclo político no BNG ao elixirse como novo Portavoz Nacional e candidato á Presidencia da Xunta de Galiza a Anxo Quintana González, responsabilidades nas que substitúe a Xosé Manuel Beiras, que continuará a partir de agora dando a súa fundamental aportación teórica e práctica ao avance do BNG desde a Presidencia do Consello Nacional.

Abrirse á sociedade preparando á organización para os novos retos electorais do vindeiro ano (eleccións ao Parlamento do Estado e ao Parlamento Europeo), desenvolver unha estratexia que permita profundizar no autogoberno de Galiza foron as cuestións que centraron os debates da militancia do BNG neses dous días de Asemblea.

Sabedor de que a sociedade galega está demandando máis que nunca un "Goberno Propio", un goberno sen ataduras a estratexias de fóra e que só responda das súas actuacións diante dos galegos e galegas; consciente disto o BNG considera que é fundamental a consolidación do nacionalismo na nosa sociedade, de xeito que esa demanda se transforme nunha decisión consciente da cidadanía de apostar por unha organización política que defenda unicamente os intereses de Galiza; con ese obxectivo plantéxanse nos documentos aprobados os días 22 e 23 de novembro cales son os mecanismos axeitados para que se produza unha maior e mellor relación do BNG na sociedade e unha maior posibilidade de colaboración e participación directa da sociedade no traballo político e institucional que desenvolvemos en todo o país.

Desde o BNG de Sanxenxo somos conscientes de que temos moito traballo por facer, pero confiamos en que as decisións adoptadas nesta XI Asemblea Nacional sirvan para que avancemos liderando unha maioría social, que agarda de nós a capacidade de constituírnos definitivamente na ferramenta política de referencia para as transformacións sociais que precisa a sociedade galega.



CONCELLO DE SANXENXO A vosa información

Sanxenxo, decembro 2003

Breves:

- ▶ Os membros do PP de Sanxenxo, son os mellor pagados de Europa. O BNG denunciouno no Valedor do Pobo.
- ▶ O Concello de Sanxenxo ten "punto limpo".
- ▶ Xa chega de especulación urbanística.
- ▶ Recuperemos os edificios históricos das nosas aldeas para uso público. O noso patrimonio histórico ten que ser de todos.
- ▶ Xa chega de impostos inxustos e ilegais falta un correcto control do cobro dos impostos.
- ▶ Os veciños estamos endebedados ata o 2018 cos préstamos que solicitou o PP e o Sr. Alcalde, recoñecendo unha débeda de 472 euros por veciño. ¿Cantos euros de débeda serán en verdade? ¿Canto nos custará a todos os veciños as cousas que fixo o PP e o Sr. Alcalde? ¿Ata cando teremos que pagar?

DEDICACIÓNS PARCIAIS: Traballa menos e gaña moito máis.

No mes de agosto deste verán, con toda a nocturnidade e aleivosía coa que se puido obrar, o grupo de goberno do PP de Sanxenxo aprobou para os seus membros que non tiñan dedicación exclusiva unha serie de retribucións ou soldos por tempo parcial, que á vista de calquera persoa con un pouco de sentido común brillan pola súa desproporción e pola maquinación e descarro con que foron asignados e aprobados.

Atentando repetidamente contra as normas máis esenciais de moralidade e sentido común, e incluso recorrendo á ilegalidade, o PP aprobou uns soldos para si que nos custarán a todos os veciños e veciñas (se lle sumamos ás dedicacións parciais as exclusivas e mais tres postos de confianza de persoal eventual do Concello) máis de 280.000€ cada ano, é dicir, preto duns 50 millóns das antigas pesetas. Non esquezamos (xa que eles parece que si o fixeron) que este concello non chega a 17.000 habitantes.


Falamos de ilegalidades no xeito de aprobar estas dedicacións parciais, pois sendo unha facultade que lle corresponde exclusivamente ao Pleno foron decididas de xeito unilateral e autoritario polo Alcalde; tamén segundo a Lei de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administración Pública habería algunha, pois hai dous concelleiros que traballan na Administración e que non

presentaron autorización de compatibilidade, e aínda por riba chegan a cobrar máis na dedicación parcial que na súa actividade principal; por non falar xa do fraude á Seguridade Social que pregoaron ao vento que se cometería...

O BNG, desde que se fixo pública a autoimposición destes soldos desorbitados para os membros do PP, leva traballando arreo para dirixir a bo porto a integridade do Concello como institución e salvalo de ser un saco sen fondo do que calquera gobernante poida sacar o que queira para si.

Aínda que está claro que se debe dignificar o traballo desenvolvido na función de Concelleiro con algún tipo de retribución, pensamos que os soldos que se aprobaron neste caso non se adaptan ás necesidades do Concello senón ás dos propios concelleiros e concelleiras do PP, e por iso o grupo municipal do BNG se viu obrigado a impugnar estas retribucións.

O BNG presentou un recurso diante do Concello coa esperanza de que o Alcalde entrase en razón, pero a resposta que se obtivo pola súa parte foi: SILENCIO (Será que alguén quere que non se fale do tema para ver se nos esquecemos?). Ante isto, o BNG recorreu ao Valedor do Pobo e esperamos que sexa el quen faga recapacitar a Alí Babá e a súa banda.



Sede Local Sanxenxo
Rúa Viña da Fonte, 3 Local Baixo, Edificio O Pazo.
36960 Sanxenxo
Estamos á vosa disposición para calquera consulta os luns a partir das 20:30.



ESTAMOS AQUÍ



Máis información do BNG:
www.bng-galiza.org/osalnes,
E-mail: salnes@bng-galiza.org



O "PUNTO LIMPO" DO CONCELLO DE SANXENXO NAS CEREIXEIRAS

Segundo a normativa da Xunta de Galiza os puntos limpos son: "recintos situados no entorno das cidades, vilas pobos e aldeas que teñen o obxectivo de servir aos cidadáns como centro de achega voluntaria para a recollida selectiva dos residuos producidos no ámbito domiciliario".

Os puntos limpos deberían, segundo isto, evitar o verquido incontrolado de escombros e residuos voluminosos, recuperar materiais como papel ou vidro para a súa posterior reciclaxe e separar residuos xerados nos fogares que poidan representar un risco para o medio como medicamentos, pilas pinturas etc.

En ningún caso un Punto Limpo pode almacenar materia orgánica nin residuos industriais. Nada máis lonxe da realidade; o "punto limpo" das Cereixeiras é na actualidade un vertedoiro incontrolado de diversos tipos de residuos inapropiados a este tipo de instalación entre os que destacamos baleirado de cloacas e

grandes cantidades de algas procedentes das praias (isto sobre todo no verán). Observando a foto tomada un día de cada día ás 18.30 da tarde todos podemos ver a actividade que se está a realizar.

A instalación de puntos limpos non debería xerar rexeitamento por parte dos veciños, pois non despiden cheiros nin resultan tóxicos para o medio ambiente nin tampouco son ningún vertedoiro se se xestionasen conforme á normativa.

Como é posíbel que o equipo de goberno do PP propicie este tipo de actividades que, ademais de ilegais, poñen en perigo a saúde pública e a calidade ambiental do noso Concello? ¿Que tipo de xestión e supervisión fai a Consellería de Medio Ambiente dos puntos limpos cando permite esta situación? ¿Que pensarán os consumidores da auga da fonte de Fontoiira (sita na rotonda do Bimbieiro) ao saber que o manantial do que beben nace na zona das Cereixeiras?

VALORACIÓN DO NOSO VOCEIRO ROBERTO FERNÁNDEZ LORES. PORTAVOZ MUNICIPAL DO BNG, DOS SEIS PRIMEIROS MESES DE OPOSICIÓN.



Nestes seis meses, pasamos de ser uns novatos en política municipal segundo dixera o Sr. Alcalde, a chegar a poñerlle enriba da mesa tódolos puntos escuros da política municipal do PP; este feito fixo e fai cada día máis relevante o noso traballo, e é un exemplo claro que nós si facemos política municipal. De aquí vén a miña frase:

"O alcalde é novato en ter oposición".

O Alcalde e o grupo municipal do PP de Sanxenxo, no están acostumados a recibir críticas por todas as situacións irregulares que cometen, situacións que se veñen producindo en todos os gobernos anteriores, e por ese motivo lévano moi mal e nótase nas formas empregadas polo seu goberno pouco democráticas.

Xa son moitos os puntos debatidos neste concello, puntos escuros que ten por norma levar a cabo dende fai moito tempo este goberno do Sr. Telmo Martín, trátase de unha política escurantista de amiguismos que só beneficia a uns poucos, os de sempre, e que prexudica a case todos os cidadáns do noso

O BNG non pode menos que denunciar a actitude hipócrita dun equipo de goberno que, dunha banda aproba complexos sistemas de certificación ambiental a bombo e platillo e sen embargo, na realidade pouco ou nada fai por que o noso Concello cumpra as normativas en materia de residuos.

Vese ben o nome da empresa propietaria que recolle o lixo (¿¿¿"succionando augas fecais e verténdoas no punto limpo das cereixeiras"???)". Despois de saír esta noticia na prensa o Sr. Alcalde recoñece que si fan vertidos no punto limpo, feito ilegal si lembramos os obxectivos propios dun punto limpo, temos que dicirlle ao Sr. Alcalde que temos varias fotos e nelas o camión que se ve é un vehículo destinado a tarefas de limpeza de augas residuais e alcantarillados. A ver que película nos conta agora o Sr. Alcalde.



concello. Nós estaremos en contra de este tipo de política e seguiremos nesta liña, replicándolle tódalas situacións inxustas e abusivas dende económicas ata urbanísticas, de orzamentos e impostos, pasando por culturais, educativas, de servizos, turísticas, medioambientais, etc. Por iso sigo dicindo que o alcalde é novato en ter oposición, el e o seu grupo de goberno saben que nós iremos sempre coa verdade por diante, de aquí ven ese nerviosismo e esa falta de modais democráticos.

Ademais o grupo municipal do BNG non se dedica a criticar ao PP senón que lles pide a transparencia e honestidade á hora de gobernar nos. As nosas propostas e recomendacións intentan facerse sempre en positivo. E, falando das nosas propostas, debo dicir que son sempre moi sensatas, estudadas e beneficiosas para o concello de Sanxenxo. Eu creo firmemente que imos demostrando no día a día e cada día máis que estamos preparados para gobernar, gobernar sobre todo con moito máis sentidiño do que o están a facer outros.

QUINTÁNS UN ESPACIO PÚBLICO E HISTÓRICO A CONSERVAR

Impulsar a posta en valor dos importantes recursos de carácter histórico e cultural do noso concello, moitos actualmente esquecidos ou infrautilizados, é unha prioridade para o BNG de Sanxenxo.

Froito deste plantexamento, o BNG fixo pública durante a campaña electoral do pasado mes de maio a idea da compra do Pazo de Quintáns, conxunto arquitectónico e paisaxístico situado en Noalla que conta con enormes posibilidades para o desenvolvemento socio-cultural da parroquia, así como para a implantación doutras actuacións en materia turística ou económica de transcendencia para a totalidade do noso municipio. O BNG coñece ademais nestas datas a disposición dos propietarios do Pazo para a venda, sendo a súa opción prioritaria que o conxunto pase a formar parte do patrimonio municipal.

Unha vez iniciado o actual mandato, o grupo municipal do BNG presenta unha moción que vai precisamente neste sentido, solicitando da equipa de goberno do PP e do alcalde Martín as seguintes cuestións:

- Que se poñan en marcha as necesarias conversas cos propietarios do Pazo coa fin de chegar a un acordo para a súa compra.

- A creación dunha casa de cultura para Noalla, que acabe así co histórico déficit de infraestructuras de carácter socio-cultural nesta parroquia, así como a dotación de dependencias municipais de diversa índole.

A resposta do Alcalde negándose a iniciar estas conversas, mesmo coñecendo a disposición dos propietarios á venda do Pazo, non deixa lugar a dúbidas sobre a falta de miras do actual equipo do PP. O alcalde Martín actuou de xeito infantil, simplista e autoritario,



comparando o proceso negociador dunha Administración Local coa fichaxe segreda dun futbolista para un gran equipo ("Os do Bloque non saben negociar"), desprezando propostas que suporían unha notable mellora na calidade de vida dos nosos veciños e practicando unha política pasada de moda, chea de autoritarismo e coa que se intenta pisotear todo aquilo que non veña do seu partido.

Esta postura, ademais, pon de manifesto a carencia por parte do PP dun esquema global de desenvolvemento para o noso Concello no que se compatibilicen o aspecto económico e urbanístico coa mellora das condicións de vida nas parroquias. Aparece así, a cara descuberta, a carencia de miras e talla política dun Alcalde que deba aproveitar as oportunidades que se lle presentan para mellorar o noso municipio cunha visión decidida e moderna, e non quedar ancorado no pasado tanto no político como no relativo ás propostas de goberno que Sanxenxo precisa.

No BNG queremos, a pesar desta postura do alcalde Martín, manifestar a vontade de prestar a axuda que estea nas nosas mans para facilitar que o Pazo de Quintáns pase a formar parte do patrimonio municipal, así como a nosa firme determinación de camiñar cara a "outra forma de facer política" na que primen os intereses conxuntos dos veciños e veciñas fronte aos particulares de partido e na que se teña en conta con seriedade e respecto todas aquelas propostas que busquen un mellor Sanxenxo.

SANXENXO, BASE DA VOLTA AO MUNDO DE VELA

Un éxito colectivo e unha oportunidade de proxección mundial que non debe ser desaproveitada.

O pasado 12 de novembro a organización da Volta ao Mundo de Vela anunciou que a candidatura presentada por Galiza era a elixida para acoller a saída da máis importante regata oceánica do mundo; a Volvo Ocean Race. Esta designación supón un fito histórico ao tratarse do máis importante acontecemento deportivo que nunca tivo lugar no noso país. É esta, ademais, unha concesión de especial relevancia para Sanxenxo, que será o centro neuráxico e de operacións de todo o inicio da proba.

Para o Bloque Nacionalista Galego trátase dun importante éxito colectivo de todo o noso municipio; institucións, Club Náutico de Sanxenxo, sector turístico-hosteleiro, sector pesqueiro..., en definitiva, é un logro do conxunto da sociedade de Sanxenxo.

Preparar toda a infraestrutura e organización para que a saída da Volta ao Mundo 2005-2006 sexa a mellor da historia é un reto que non pode ser desaproveitado. Aos importantes beneficios económicos que esta competición atraerá a través dos visitantes e da publicidade debemos de engadir a súa gran repercusión mediática que elevará a Sanxenxo a un destacado lugar na atención dos medios de comunicación internacionais.

É, polo tanto, en opinión do BNG, tempo de traballar duro e arrimar o ombro. De deixar a un lado infructuosas polémicas como as que lamentábel e inoportunamente o noso Alcalde Telmo Martín se empeña en alimentar no referente á futura reorganización do porto deportivo, cuestión transcendente para o bo desenvolvemento da Volta ao Mundo de Vela.

Desde o BNG pedímoslle ao Alcalde e ao seu grupo que abandonen esta penosa actitude, que aproveiten a onda de orgullo e ilusión colectiva xerada arredor da Volvo Ocean Race e que non se deixe pasar esta gran oportunidade e os importantes beneficios que reportará para Sanxenxo.